

RESUMO DA ACTA DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 2 DE MAIO DE 2006

Ás 10.00 horas, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida polo Excmo. Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I**. Xustifica a súa ausencia o Sr. Secretario xeral da Universidade, o que determina que actúe no seu lugar o Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa.

1. INFORME DO REITOR

O Sr. Reitor comeza a súa intervención dando conta de todos os detalles da súa entrevista o día 28 de marzo do 2006 co presidente da Xunta de Galicia, o Sr. Emilio Pérez Touriño, e coa Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, a Sra. Laura Elena Sánchez Piñón. Igualmente, informa dos asuntos tratados na reunión da comisión permanente da CRUE en relación co borrador de reforma da Lei orgánica de universidades, coa situación actual do proceso de implantación do novo sistema de estudos de grao e tamén co tema do financiamento universitario. O Sr. Reitor dá conta dos temas tratados nas últimas sesións do Consello Social da Universidade da Coruña, centrándose especialmente nos cambios operados na súa composición tras o nomeamento da Sra. Felipa Jove Santos como nova presidenta da citada institución, por causa da renuncia presentada polo Sr. José Antonio Quiroga y Piñeyro, ao que o Sr. Reitor quere recoñecer expresamente o seu bon facer e o seu xeneroso traballo á fronte da institución en todo momento. Igualmente, o Sr. Reitor informa das renuncias presentadas polos Sres. José Manuel Liaño Flores e José Luis Calvo Pumpido como representantes dos intereses sociais de Galicia no Consello Social designados polo Parlamento de Galicia, aos que o Sr. Reitor tamén quere agradecer publicamente a súa desinteresada colaboración. Conclúe a súa intervención o Sr. Reitor informando acerca da sinatura do convenio colectivo do persoal laboral docente contratado, froito do acordo entre as tres universidades galegas e as organizacións sindicais CIG, CCOO, UGT e CSI-CSIF, e en cuxas negociacións participaron moi activamente a Vicerreitoría de Profesorado e a Xerencia da Universidade da Coruña.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, que informa do feito de que se imputaron ao exercicio corrente obrigas xeradas no exercicio 2005 por un importe de 540.143,36 euros, de acordo co parágrafo primeiro da base 9ª.2 do orzamento. E tamén informa de que, pola súa parte, a Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno, consonte o parágrafo segundo da base 9ª.2 do orzamento validou expedientes de gasto e a correspondente imputación destes a créditos de 2006 de obrigas xeradas por un importe de 1.305.244,16 euros na súa sesión do sete de abril.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Xerente para que informe da resolución da convocatoria de cinco prazas de xefes de servizo, da oferta de emprego público 2006, da convocatoria de prazas de biblioteca dos grupos A, B e C e, por último, da negociación do convenio colectivo do PAS laboral da Universidade da Coruña.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación, que intervéñ para informar da convocatoria pública de axudas para o financiamento da organización de xornadas, congresos e conferencias.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, quen informa da convocatoria pública de programas de deseño estratéxico na Universidade da Coruña e tamén do comezo do proceso da avaliación docente. Remata a súa intervención anunciando a posta en marcha do sistema “UDC media” e a presentación do libro branco de *software* libre.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, quen toma a palabra para informar detalladamente da presentación por parte da directora do observatorio ocupacional, a Sra. M.^a Jesús Freire, do Informe de inserción laboral correspondente aos cursos académicos 1999/2000 ata 2003/04. Trátase dun estudo que tiña por obxectivo analizar a inserción laboral e as traxectorias profesionais dos/as graduados/as da UDC. Entre as achegas máis significativas está, en primeiro lugar, o feito de explorar o éxito/fracaso da transición desde a educación superior ao mundo laboral dispoñendo dunha información que permitía identificar as principais variables que lle afectan: titulación obtida, período de tempo dedicado a procurar emprego, métodos de procura de emprego, actividades realizadas antes de acceder ao primeiro emprego. En segundo lugar, dispónse de información sobre as características típicas da situación laboral: salario bruto mensual, traballo a tempo completo, perspectivas profesionais, estatus ao recoñecemento social e o tipo de contrato máis común entre os/as titulados/as. En terceiro lugar, analízase a influencia que o primeiro posto de traballo ten nas expectativas de emprego posteriores. Ao longo do estudo obsérvase como os/as titulados/as se enfrontan a importantes problemas no proceso de procura de emprego, mais máis adiante atopan traxectorias profesionais relativamente prósperas. Por último constataranse tamén as actividades profesionais que realizan os/as graduados/as e se teñen relación cos coñecementos adquiridos na Universidade. Considéranse algúns indicadores das traxectorias laborais dos/as titulados/as: ter un traballo interesante e independente, dispor de oportunidades de formación continua, poder usar as habilidades adquiridas e a satisfacción co traballo realizado.

A continuación, informa de que o pasado 31 de marzo de 2006 se asinou un convenio co Concello de Ferrol para a colaboración do Concello coa Universidade Sénior no Campus de Ferrol. O Concello achegará 9.000 € para colaborar na realización das diferentes actividades da Universidade Sénior no campus. Por último, dá conta de que o día 25 de abril de 2006 tivo lugar a reunión da Comisión de Avaliacións das Empresas de Base Tecnolóxica do Viveiro de Empresas da UDC, en que se avaliaron as solicitudes de acceso ao viveiro presentadas na última convocatoria e tamén os planos de empresa que entraron no viveiro da UDC. Nesta reunión acordouse aceptar o acceso de tres novos proxectos (INVESGA, promovida por dous membros do PAS, que tenta ser unha empresa especializada no sector de análise química; TRABE SOLUCIONS, promovida por estudantado de terceiro ciclo de Enxeñaría Informática, e que tenta desenvolver solucións informáticas innovadoras de cara ás PEME usando basicamente solucións de código aberto; e TAUREG, promovida por profesorado e por estudantado das facultades de Ciencias e Humanidades, que tenta desenvolver ferramentas de monitorización e de xestión ambiental). Na devandita comisión tamén foi obxecto de

análise o plano de empresa de Agroambiental, que, sendo avaliada negativamente, non puido renovar a súa estadía no viveiro; e tamén a empresa P3, que non presentou o plano de empresa. Fican, por todo isto, dúas prazas no viveiro que serán obxecto dunha futura convocatoria.

De novo, o Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, quen informa do seu nomeamento como representante da Universidade da Coruña no Padroado da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC).

2. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DO 22 DE MARZO DE 2006

Apróbase por asentimento a acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno do día 22 de marzo de 2006.

3. CONTRATOS E CONVENIOS

O Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa informa sobre os 26 convenios que figuran no **anexo II**, clasificados en convenios marco, convenios específicos e convenios para prácticas.

Os convenios son **aprobados** por asentimento.

4. LICENZAS

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa sobre as solicitudes de licenzas aos efectos de docencia e investigación de D^a Patricia Faraldo Cabana (Departamento de Dereito Público), para o curso 2006/2007, e de D^a Margarita Alonso Ramos (Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística), tamén para o curso 2006/2007.

Apróbanse por asentimento as licenzas cuxos detalles se recollen no **anexo III**

5. PRAZAS DE PROFESORADO

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa da creación de tres prazas de promoción do persoal docente e investigador habilitado, na categoría de catedrático/a de universidade, dando conta con detalle do procedemento que hai que seguir a partir dese momento.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Vidal Romaní e o Sr. Reitor, e nesta acórdase solicitar á CRUE que se poidan convocar concursos de acceso sen que haxa novas habilitacións.

Apróbase por asentimento a relación de prazas que se atopa no **anexo III**.

Igualmente, o Sr. Vicerreitor informa da creación dunha praza de profesor/a colaborador/a, convocada en cumprimento do establecido na disposición transitoria terceira dos Estatutos da Universidade da Coruña.

Apróbase por asentimento a praza en cuestión que se atopa no **anexo III**.

6. RENOVACIÓN DA CONTRATACIÓN DE PROFESORADO EMÉRITO

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa da solicitude de renovación do contrato de profesora emérita no Departamento de Química Analítica, formalizada pola Sra. Dolores Esther Fernández Fernández xa que cumpre todos os requisitos esixidos para tal fin.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Vidal Romaní, que pon de relevo unha serie de consideracións acerca da figura do profesor emérito, e o propio Sr. Vicerreitor de Profesorado.

A solicitude en cuestión **apróbase** co voto en contra do Sr. Vidal Romaní.

7. ADSCRICIÓN DA ÁREA DE MÉTODOS CUANTITATIVOS PARA A ECONOMÍA E A EMPRESA AO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA APLICADA II

Despois de informar sobre a creación por parte do Ministerio de Educación e Ciencia da área de Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa, o Sr. Vicerreitor de Profesorado dá conta de que, na Universidade da Coruña, son varios/as os/as docentes pertencentes a esta nova área de coñecemento que desexan integrarse no Departamento de Economía Aplicada II, que é precisamente a razón pola que tales docentes iniciaron o procedemento legalmente establecido para tales efectos, en que, entre outros requisitos, se esixe a aprobación do Consello de Goberno.

A adscrición da área de coñecemento de Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa ao Departamento de Economía Aplicada II **apróbase** por asentimento.

8. PREMIOS EXTRAORDINARIOS DA LICENCIATURA EN CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS DO CURSO ACADÉMICO 2002/2003

A Sra. Vicerreitora de Ordenación Académica comeza a súa intervención poñendo en antecedentes aos membros do Consello de Goberno sobre o tema tratado neste punto da orde do día. Así, informa que na sesión do Consello de Goberno do 20 de abril de 2004 se presentou a proposta correspondente ao curso académico 2002/2003 de premios extraordinarios de diplomado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado, arquitecto, enxeñeiro. Retirouse desta proposta a da licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais por causa de estar pendente dunha reclamación formalizada pola Sra. María Guillén Solórzano. Esta reclamación, sobre a que informou a Secretaría Xeral na sesión do Consello de Goberno do 28 de maio de 2004, foi rexeitada na citada sesión por asentimento dos membros do Consello de Goberno, aceptándose en consecuencia a proposta de premios extraordinarios de licenciado en Ciencias

Económicas e Empresariais do curso académico 2002/2003. Como consecuencia do feito de que a reclamante manifestou a súa desconformidade coa decisión tomada polo Consello de Goberno recorrendo xudicialmente, a Secretaría Xeral informou, na sesión do Consello de Goberno do 16 de marzo de 2005, da sentenza do 11 de febreiro de 2005, pola que se estima parcialmente a reclamación da Sra. María Guillén Solórzano, obrigando a retrotraer o procedemento á fase procedemental da valoración por parte do centro.

Como resultado desta resolución xudicial, o 3 de abril de 2006 reuniuse o tribunal encargado de elaborar unha nova proposta de premios extraordinarios de licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais para o curso académico 2002/2003. O tribunal, examinadas as solicitudes (presentadas polo Sr. José David Becerra Loureiro, pola Sra. María Guillén Solórzano, pola Sra. Lorena Lema Lista e polo Sr. Carlos Torres Novoa), tomou a decisión de propoñer as catro persoas solicitantes para a concesión do premio extraordinario, a pesar de que ningunha posuía a media de sobresaliente, porque todas elas tiñan unha nota media de notable.

Tras a intervención da Sra. Vicerreitora, ábrese unha quenda de intervencións en que interveñen os Srs. Naveira Fachal e Recuero Astray.

Apróbbase por asentimento a nova proposta de premios extraordinarios de licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais correspondente ao curso académico 2002/2003.

9. REGULAMENTOS INTERNOS DO DPTO. DE BIOLOXÍA ANIMAL, BIOLOXÍA VEXETAL E ECOLOXÍA, DPTO. DE ECONOMÍA APLICADA II, DPTO. DE FILOSOFÍA E MÉTODOS DE INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN, DPTO. DE FISIOTERAPIA E DPTO. DE PSICOLOXÍA

Os regulamentos internos do Dpto. de Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía, Dpto. de Economía Aplicada II, Dpto. de Filosofía e Métodos de Investigación en Educación, Dpto. de Fisioterapia e Dpto. de Psicoloxía, cuxos textos se atopan no **anexo IV**, **apróbanse** por asentimento

10. QUENDA ABERTA DE INTERVENCIÓNS

Toma a palabra o Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea para dar conta de que a sede física para a posta en funcionamento do programa oficial de posgrao interuniversitario estará na Facultade de Socioloxía, debido á falta de espazo axeitado para tal fin na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, a pesar do interese e da disposición amosados pola citada Facultade, que o Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea quere agradecer expresamente.

O Sr. Vidal Romaní, despois de felicitar expresamente aos responsables das obras realizadas no xardín da Facultade de Ciencias, solicita información, como membro dun instituto universitario, sobre o papel que teñen os institutos como centros de investigación, ao que responde á Sra. Vicerreitora de Investigación indicándolle que na produción científica se considera precisamente o labor investigador dos citados institutos. Tamén intervén o Sr. Reitor para comunicar que está a piques de se rematar

un regulamento específico para institutos, que será presentado ao Consello de Goberno para a súa aprobación.

Toma a palabra o Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental para agradecerlle ao Sr. Vidal Romaní a súa intervención a propósito do xardín, mais tamén para poñer de manifesto que neste tipo de cuestións é moi importante o papel que teñen os/as directores/as e decanos/as dos centros, a quen igualmente quere agradecer a súa colaboración na resolución dos problemas que soen formularse a este respecto.

Intervén o Sr. Soraluze Blond para amosar publicamente a súa satisfacción polo nomeamento da Sra. Felipe Jove Santos como nova presidenta do Consello Social da Universidade da Coruña. Finaliza a súa intervención solicitando que o Consello de Goberno se dirixa á Sra. Felipe Jove Santos para que lle manifeste a satisfacción que tal nomeamento causa a Universidade da Coruña.

Por último, tamén intervén a Sra. Vicerreitora de Investigación para anunciar que proximamente se vai facer pública a convocatoria de axudas para o financiamento de proxectos de investigación.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11.35 horas. De todo o anterior dou fe, como secretaria, co visto e prace do Sr. Presidente.

V. e pr.

O PRESIDENTE

O VICERREITOR DE FERROL E
RELACIÓN UNIVERSIDADE-EMPRESA

José María Barja Pérez

Luis Fernando Barral Losada